

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 9 de marzo de 2009

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D. Xulio Calviño Rodríguez
D. Santiago Domínguez Olveira
D. Carlos López Font
D^a Elena Maure Noia
D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz
D. José Manuel Mariño Mendoza

NON ASISTEN:

Invitados:

D^a Raquel Díaz Vázquez
D^a María Jesús Lago Rey
D. Angel Rivas González
D. Xesús López Carreira

D^a Laura López Atrio
D^a Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día nove de marzo de dous mil nove e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. González Yebra-Pimentel.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1.-(254) ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 20 de febreiro. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

2.-(255) PRÓRROGA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN CON CINE CLUB LUMIÈRE VIGO PARA A ORGANIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN DE CINE PARA O ANO 2008. EXPTE. 2990/335.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Animación Sociocultural, do 2.03.09, conformado polo concelleiro-delegado de Animación Sociocultural e polo interventor xeral, que di o seguinte:

Con data 13 de febreiro de 2009, o concelleiro da área de Cultura e Animación sociocultural resolveu que se iniciase o expediente para a prórroga do convenio entre o Concello de Vigo e Cine Club Lumière, que ten por obxectivo o desenvolvemento dunha programación estábel de cine de carácter mensual e que foi aprobado pola Xunta de Goberno local na súa sesión ordinaria do 17 de marzo de 2008.

Cómpre ter en conta que os resultados do convenio na súa pasada edición foron satisfactorios para as partes asinantes. Incorpórase ó expediente escrito de solicitude de prórroga por parte de Cineclub Lumière Vigo así como orzamento de programación para este ano.

O Cine Club Lumière é a única entidade deste tipo existente na provincia de Pontevedra e unha das tres únicas existentes na nosa comunidade autónoma; ademais, vén realizando unha importante labor de promoción e difusión das creacións cinematográficas fóra dos circuitos comerciais, en colaboración con outras entidades como o Colexio de Arquitectos. Por este motivo, o Concello asinou vén asinando desde o ano 2006 convenios similares para desenvolver unha programación estábel no auditorio municipal, co obxecto de chegar a un público sectorial e especializado, non atendido con ningunha outra programación.

O réxime xurídico de aplicación do presente convenio será a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e o seu regulamento de desenvolvemento, así como a Lei de Galicia 9/2007, de subvencións de Galicia.

A presente axuda acóllese ó réxime excepcional de concesión directa conforme ó artigo 22.2 da Lei 38/2003, atopándose a tal fin previsión nominativa a favor do Cine Club Lumière no vixente orzamento.

Dado o carácter cultural, cívico e social, responde ademais ó previsto no artigo 88 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e forma parte das competencias atribuídas ós municipios no artigo 25.2.m da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e ós municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

O importe do convenio ascende a 12.000,00 euros, con cargo á partida 4512.489.0001 (Convenio Cine Lumière) do programa orzamentario de Animación sociocultural para o vixente exercicio, sobre un montante total de gastos da programación de 23.686,62 euros, que se financiarán ademais coas cotas de socios e colaboradores da entidade e con publicidade.

O Cine Club Lumière presentará proposta de programación mensual con quince días de antelación, para a conformidade do persoal técnico da concellería de Animación sociocultural, e deberá incluír o logotipo do Concello no material gráfico que edite para a difusión do programa.

Á vista do exposto, previos os informes xurídico e da Intervención de fondos, coa conformidade do concelleiro de Animación sociocultural, faise á Xunta de Goberno local a seguinte

PROPOSTA.

1º.- Que se aprobe a prórroga do convenio, que se achega no expediente, entre o Concello de Vigo e o Cine Club Lumière Vigo, para a organización da programación de cine en versión orixinal durante o ano 2009.

2º.- Que se faculte ó concelleiro da Área de Cultura e Animación sociocultural para asinar o citado convenio.

3º.- Que se autorice un gasto por un importe de 12.000,00 euros a favor do Cine Club Lumière (CIF G-36.758.696) en concepto do estipulado no convenio, con cargo á partida 4512.489.0001 (Convenio Cine Lumière) do programa orzamentario de Animación sociocultural para o vixente exercicio.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(256) DAR CONTA DAS SEGUINTE SENTENZAS E AUTOS.

Dáse conta das seguintes Sentenzas e Autos remitidos por Asesoría Xurídica:

- a) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A P.A. nº 343/08. Demandante: AQUALIA FCC VIGO UTE. Obxecto: Desestimación de reposición contra acordo de reclamación patrimonial (expte.: 1037/243). Estimado.
- b) Auto do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A p. a. nº 275/08. Demandante: Dª MARÍA CARIDE ÁLVAREZ. Obxecto: Desestimación “presunta” en reclamación patrimonial (expte. nº.: 1737/243). Rematado o procedemento.
- c) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A P.A. nº 414/08. Demandante: Dª Mª CARMEN ARESES VIDAL E D. JESÚS LORENZO CUERVO. Obxecto: Sanción de tráfico (expte.: 088621231). Rexeitado o recurso.
- d) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A p.a. nº 125/08. Recorrente: COREN GRILL, S.A. Obxecto: Acto do 1-8-2007. Procedemento sancionador de medio ambiente, contaminación acústica. Expte. 4482/306. Desestimado recurso.
- e) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A P.A. nº 231/08. Demandante: D. JOSÉ PEDROUZO CAMPOS. Obxecto: Resolución do 27/05 e 5/02/08. Sanción de tráfico (expte.: 078658115). Estimado o recurso.

f) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A p.a. Nº 307/2007. Recorrente: D. FRANCISCO J. RIAL LAVIA. Obxecto: Resolución do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Vigo do 19/07/2007 desestimatoria de reclamación en relación con IAE 2002 (expte. 6479/700 e 4864/111). Desestimado recurso.

g) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A p. a. nº 248/2008. Demandante: Dª M. MAR ALONSO CONDE. Obxecto: Desestimación “presunta” en reclamación patrimonial (expte. nº.: 1654/243. Desestimado o recurso.

h) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A P.A. nº 296/08. Demandante: D. JOSÉ J. PELETEIRO LOGROÑO. Obxecto: Desestimación “presunta” de reclamación retributiva en período de baixa médica. Bombeiros. Desestimado o recurso.

i) Sentenza do X. Contencioso Administrativo nº 1 de Vigo no RCA p.a. 300/2008. Demandante: D. JOSE JOAQUÍN GARCÍA PIRALLO. Obxecto: Acto administrativo de 22/4/2008, que desestimaba o recurso de reposición interposto contra sanción de tráfico (expte. nº 078659908). Rematado o procedemento.

k) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A P.A. nº 267/08. Demandante: Dª Mª LUISA VILA TORRIJOS. Obxecto: Desestimación presunta de reclamación patrimonial (expte.: 1956/243). Rematado o proceso.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

4(257) PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: DENEGACIÓN, EXPTE. 2/2172.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da traballadora social responsable do Programa, do 13.02.09, conformado pola concelleira-delegada da Área de Benestar Social, a Xunta de Goberno Local acorda:

Denegar a prestación do Servizo de Axuda no Fogar a Dª. María Pilar Alves Leis.

5(258) SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Ó SERVIZO GALEGO DE PROMOCIÓN E IGUALDADE DO HOME E DA MULLER PARA DESENVOLVER LIÑAS DE ACTUACIÓN E ESTÍMULO Á FORMACIÓN DE MULLERES. EXPTE. 3859/224.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Igualdade, conformado pola concelleira de Igualdade, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar a solicitude de subvención que presenta a Concellería de Igualdade para desenvolver liñas de actuación e estímulo a formación de mulleres por un importe de 10.215.-€ (dez mil douscentos quince euros) ao abeiro da Resolución do 20 de xaneiro de 2009, do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller da Xunta de Galicia.

6(259) EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE VIXILANCIA DA SAÚDE 2009. EXPTE Nº 18404/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 2.02.09, e de acordo co informe-proposta do xefe da Oficina administrativa de Contratación, do 4.02.09, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aproba-lo gasto que de 69.230,80 euros para a contratación do servizo de prevención de riscos laborais na especialidade de Vixiancia da Saude que se imputarán a partida 3131.160.0.602 dos presupostos dos anos 2009 e 1010.

2º Aproba-lo expediente de contratación para a contratación do servizo prevención de riscos laborais na especialidade de Vixiancia da Saude que contén o prego de prescripcóns técnicas particulares de 07.01.2008 e o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación de servizos por procedemento aberto con múltiples criterios de data 21-01-2009.

5º Abri-lo procedemento de licitación na forma legalmente prevista mediante a inserción de anuncios no perfil do contratista do concello de Vigo.

7(260) REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DE XESTIÓN DA ESCOLA INFANTIL “ATALAIA”. EXPTE Nº 6584/332.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnico de Admón. Especial, do 14.12.08, conformado polo concelleiro de Patrimonio, pola xefa do Servizo de Fiscalización e polo interventor xeral, que di o seguinte:

D. José Luis Rey Parente, en representación da entidade mercantil “Colegio los Milagros, S.L.”, solicita a revisión de prezos do contrato de xestión da Escola Infantil Municipal Atalaia de Teis..

A Xunta de Goberno Local en sesión de 17 de agosto de 2005, acordou adxudicar a “Colegio los Milagros S.l.”, a prestación da xestión do servizo da escola infantil municipal Atalaia de Teis, por un importe anual de 167.408,03 euros. Ademais adxudicouse un máximo de 12.000,00 euros, para a novación de matriais non inventariables precisos para a nova etapa da escola Infantil.

A posibilidade de revisión de prezos do contrato aparece recollida na cláusul 3º do prego de cláusulas administrativas particulares, que recolle o seguinte:

“Procederá a primeira revisión de prezos do contrato transcurrido un ano dende a data de inicio do contrato, e recollerá a variación experimentada polo IPC nacional no periodo comprendido entre a data de revisión e a de apertura de proposicións económicas.

As seguintes revisións faranse transcurrido un ano dende a inmediata anterior e recollerá a variación experimentada polo IPC Nacional no periodo comprendido entre a data de revisión de prezos e a revisión inmediata anterior”.

Na XGL de 27 de decembro de 2007, aprobouse a revisión de prezos do contrato establecendo o prezo para o periodo comprendido entre o 1 de agosto de 2007 e o 31 de xulio de 2008, na cantidade de 178.276,83 euros.

A prorroga do contrato foi aprobada en sesión de 7 de abril de 2008, para o periodo comprendido entre o 1 de agosto de 2008 e o 31 de xulio de 2009.

A vista do anterior, o prezo revisado será o resultado de aplicar ó prezo do periodo anterior, 178.276,83 euros o incremento do IPC do periodo agosto 2007/2008, que según datos do INE foi de 4,9%, polo que resulta un prezo revisado de 187.012,39 euros.

Polo exposto, proponse a Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención Xeral, a adopción do seguinte A C O R D O

Aprobar a revisión de prezos do contrato de xestión da Escola Infantil Municipal Atalaia de Teis, adxudicado a entidade Mercantil “Colegio los Milagros, S.L.”, por acordo da Xunta de Goberno Local de 7 de agosto de 2006, fixando o prezo para a anualidade comprendida entre o 1 de agosto de 2008 e o 31 de xullo de 2009, na cantidade de 187.012,39 euros/ano.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(261) PRÓRROGA DO CONTRATO DO DISPOSITIVO DE ATENCIÓN Á INFANCIA E A FAMILIA. EXPTE N° 38319/301.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, do 16.02.09, conformado pola concelleira da Área de Benestar Social, pola xefa do Servizo de Fiscalización e polo interventor xeral, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, en sesión do 26 de febreiro de 2007, adoptou o acordo de adxudicación á FUNDACIÓN ALDABA do concurso para a contratación dun dispositivo de atención á infancia e a familia do Concello de Vigo, por un prezo anual do contrato de 475.150 euros e por un período de dous anos prorrogable por outros dous.

Con data 28 de novembro de 2008 (DOC. 80147871), a empresa adxudicataria solicita a primeira prórroga do contrato. A posibilidade de prórroga recóllese na cláusula administrativa 2.3 do prego de cláusulas administrativas.

Na cláusula 2.3 do prego de cláusulas administrativas fíxase o prazo de execución do contrato que será o establecido no apartado 7.1.2 da FEC (“duración do contrato: dous anos”) e que o mesmo poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 7.3 da FEC: “prórroga do contrato: Si. 7.3.1. En caso afirmativo duración: dous anos”.

A Coordinadora do Servizo de Infancia e Familia dado o alto grado de satisfacción, tanto dos usuarios do servizo como da totalidade dos profesionais que interveñen no programa propón a prórroga do contrato.

A vista das anteriores consideracións proponse a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo e previo informe da Intervención Xeral, a adopción do seguinte acordo:

Autoriza-la prórroga para o período comprendido entre o 01-03-2009 ó 28-02-2010 do contrato para a prestación dos servizos do dispositivo de atención á infancia e a familia do Concello de Vigo que foi adxudicado á FUNDACIÓN ALDABA por acordo da Xunta de Goberno Local, en sesión do 26 de febreiro de 2007.

O importe da prórroga será de 496.056,60 euros, sen perxuízo das revisións de prezos que procedan, e se imputaran á partida 313.0.226.08.06 de acordo coa seguinte distribución: 413.380,50 euros no ano 2009 e 82.676,10 euros no ano 2010.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(262) INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 185.792,90 € POLO PAGO DA PÓLIZA DE SEGUROS DE VIDA E ACCIDENTES DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 18569/240.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 18.02.09, e de acordo co informe-proposta da técnico de Admón. Especial, do 23.01.09, conformado polo concelleiro delegado de Patrimonio, a Xunta de Goberno local acorda:

Aboar, en concepto de indemnización substitutiva, a cantidade de 185.792,90 euros, pola cobertura da póliza de seguro de vida do persoal do Concello de Vigo, á compañía aseguradora “La Estrella”, perante o período comprendido entre o 1 de setembro de 2008 e o 1 de setembro de 2009, con cargo a partida presupuestaria 31311620500.

A efectos de pago deberase ter en conta, e según a Lei de Mediación de Seguros Privados, que a póliza de referencia foi contratada a través da Correduría aseguradora do Concello “Aón Gil Y Carvajal”

10(263) INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 444.958,31 € POLO PAGO DA PÓLIZA DE SEGUROS DE RESPONSABLE CIVIL DO CONCELLO DE VIGO E OS ORGANISMOS AUTÓNOMOS. EXPTE . 18589/240.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 23.02.09, e de acordo co informe-proposta da técnico de Admón. Especial, do 17.02.09, conformado polo concelleiro delegado de Patrimonio, a Xunta de Goberno local acorda:

Aboar, en concepto de indemnización substitutiva, a cantidade de 444.958,31 euros, pola cobertura da poliza de seguro de Responsabilidade Civil do Concello de Vigo e os organismos autonomos, á compañía aseguradora “Mapfre Empresas Compañía de Seguros y Reaseguros””, perante o periodo comprendido entre o 1 de xaneiro de 2009 ó 31 de decembro de 2009, con cargo a partida presupuestaria 12102240000.

A efectos de pago deberase ter en conta, e según a Lei de Mediación de Seguros Privados, que a poliza de referencia foi contratada a través da Correduría aseguradora do concello “Aón Gil Y Carvajal”.

11(264) SOLICITUDE DE REBAIXA DOS PREZOS DAS PRAZAS DE RESIDENTES NOS APARCADOIROS DAS RÚAS AREAL, POLICARPO SANZ, PINTOR COLMEIRO, ROSALÍA DE CASTRO, JENARO DE LA FUENTE E AVDA. CASTELAO. EXPTE. 18534/240. DENEGADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 18.02.09, conformado polo concelleiro delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

Normativa de aplicación:

- *Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño, texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas (LCAP).*
- *Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (LCSP).*
- *Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).*
- *Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).*
- *Prego de cláusulas técnicas e administrativas do concurso para a xestión mediante concesión de servizo público de aparcadoiros subterráneos de uso mixto en diferentes lugares da cidade aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Vigo de data 14 de agosto de 2006 (PCAP).*

Antecedentes:

A Federación Veciñal “EDUARDO CHAO”, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 27 de novembro de 2008, manifesta que lle parecen desorbitados os prezos das prazas de residentes nos aparcadoiros de Areal, Policarpo Sanz, Pintor Colmeiro, Rosalía de Castro,

Jenaro de la Fuente e Avenida Castelao. Considera que os prezos fixados para a adquisición do dereito de uso dunha praza de residente por un prazo de 50 anos se aproximan o prezo de mercado de compravenda dunha praza de titularidade privada e superan os prezos máximos fixados para as prazas de garaxe nas vivendas de protección autonómica de prezo xeral nas grandes cidades. En consecuencia, solicita unha rebaixa neste prezo de adquisición do dereito de uso das prazas de residentes.

Fundamentos xurídicos:

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de data 21 de maio de 2007, acordou a adxudicación do concurso para a xestión mediante concesión de servizo público de seis aparcadoiros subterráneos de uso mixto, en dous lotes de tres, en diversos lugares da cidade de Vigo, segundo o prego de cláusulas técnicas e administrativas e os anteproxectos aprobados polo acordo da Xunta de Goberno Local de data 14 de agosto de 2006. O lote 1, que comprende os aparcadoiros das rúas Areal, Policarpo Sanz e Pintor Colmeiro resultou adxudicado á UTE Eloyamar – Tranvías, e o lote 2, que comprende os aparcadoiros das rúas Rosalía de Castro, Jenaro de la Fuente e Avenida Castelao, á mercantil COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES S.A.

Segundo.- A explotación destes aparcadoiros será en réxime de uso mixto, rotatorio e para residentes. Neste senso, está previsto que se reserven para uso de residentes en réxime de cesión de uso o 20% das prazas de cada un dos aparcadoiros, excepto no da Avenida Castelao, onde a reserva será do 50% (artigo 2.2 PCAP).

O procedemento para a selección dos residentes e o réxime que rexe a relación entre os residentes e o concesionario está previsto no Título VII do PCAP, que leva por rúbrica “Uso das prazas de residentes”. Dado que no Título VII do PCAP non estaban previstos algúns aspectos referentes ó procedemento de selección, se procedeu a aprobación dunhas bases que desenrolan ó mesmo por acordo da Xunta de Goberno Local de data 21 de novembro 2008.

Os prezos de adquisición do dereito de uso das prazas de residentes foron fixados do seguinte modo: no artigo 14 do PCAP se estableceron uns prezos máximos para cada un dos aparcadoiros e se baremou entre os criterios de adxudicación unha rebaixa neste prezo. O prezo final foi fixado polos adxudicatarios nas súas proposicións. Os prezos máximos da cesión para residentes determinados no PCAP para cada un dos aparcadoiros ascenden os seguintes importes:

- Rúa Arenal: 44.000.- €*
- Rúa Policarpo Sanz: 44.000.- €*
- Rúa Pintor Colmeiro: 35.000.- €*
- Avda. Castelao: 27.000.- €*
- Rúa Jenaro de la Fuente: 35.000.- €*
- Rúa Rosalía de Castro: 44.000.- €*

En todos os casos, con excepción do aparcadoiro da Avenida Castelao, os prezos ofertados polos concesionarios son inferiores ós prezos máximos fixados pola Administración. Así:

- Aparcadoiro da rúa Areal: 27. 000 €.*
- Aparcadoiro da rúa Pintor Colmeiro: 18. 000 €.*
- Aparcadoiro da rúa Policarpo Sanz: 33. 000 €.*
- Aparcadoiro da rúa Rosalía de Castro: 38. 500 €.*

- *Aparcadoiro da rúa Jenaro de la Fuente: 26. 000 €.*
- *Aparcadoiro da Avenida Castelao: 27. 000 €.*

Antes da apertura do concurso para a adxudicación dos lotes de aparcadoiros o PCAP foi sometido a información pública e abriuse un prazo para presentación de alegacións, momento procesual oportuno para a presentación da solicitude obxecto deste expediente e no que non consta que a Federación Veciñal “EDUARDO CHAO” tiña formulado ningunha alegación.

Unha vez adxudicado o concurso e formalizados os contratos cos adxudicatarios o cambio do prezo implicaría unha modificación contractual. Se ben entre as prerrogativas da Administración no seno do contrato se atopa o ius variandi ou poder de modificación, a lexislación sectorial en materia de contratación so permite o órgano de contratación, unha vez perfeccionado o contrato, introducir modificacións por razón de interese público nos elementos que o integran, sempre que sexan debidas a necesidades novas ou causas imprevistas, xustificándoo debidamente no expediente (artigo 101.1 LCAP), circunstancias que non concorren no presente caso, polo que non procede a rebaixa dos prezos de adquisición do dereito de cesión de uso dunha praza de residentes proposta pola federación solicitante.

Terceiro.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, SE PROPÓN Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Denegar a solicitude de rebaixa dos prezos de adquisición do dereito de cesión de uso dunha praza de residentes nos aparcadoiros públicos das rúas de Areal, Policarpo Sanz, Pintor Colmeiro, Rosalía de Castro, Jenaro de la Fuente e Avenida Castelao proposta pola Federación Veciñal “EDUARDO CHAO” polas razóns expostas no corpo deste escrito”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(265) AUTORIZACIÓN PARA A OCUPACIÓN DE ZONA VERDE PARA A REALIZACIÓN DE XOGOS POPULARES POR PARTE DA GARDERÍA ESCOLA INFANTIL CANGURIÑOS S.C. EXPTE. 18397/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 18.02.09, conformado polo xefe e o concelleiro delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

Normativa de aplicación:

- *Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local (LBRL).*
- *Real Decreto-Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).*
- *Lei 33/2003, de 3 de novembro, do patrimonio das Administracións públicas.*

- *Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia (LALG).*
- *RD 1372/1986, de 13 de xuño, Regulamento de bens das entidades locais (RBEL).*
- *Ordenanza Fiscal nº 30 reguladora das taxas polo aproveitamento especial ou utilización privativa do Dominio Publico Local.*

Antecedentes:

D. Pablo Rivas Lago, en nome e representación da Escola Infantil Canguriños S.C., mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 7 de agosto de 2008, solicita a autorización para acotar e usar 50 m2 de zona verde na Avenida Castelao diariamente durante os días lectivos para a realización de xogos populares cos nenos da gardería de titularidade da súa representada.

No curso da tramitación do presente expediente solicitáronse informes dos servizos municipais con competencias na materia, ó obxecto de determinar a procedencia ou improcedencia de acceder ó solicitado, así:

- *Informe da oficina técnica do Inventario Municipal, de data 01/09/2008.*
- *Informe da oficina técnica do servizo de Educación, de data 09/10/2008.*
- *Informe do servizo de Montes, Parques e Xardíns, de data 12/12/2008.*
- *Informe do servizo de Tributos Especiais, de data 16/02/2009.*

Fundamentos xurídicos:

Primeiro.- A Escola Infantil Canguriños S.C. solicita autorización para utilizar 50 m2 da zona verde denominada Praza Mestre Prudencio Rodríguez, de propiedade municipal, de natureza ben de dominio público destinado ó uso público, inventariada co número de propiedade 236 e situada na Avenida Castelao nº 30-52. A zona para a que se solicita autorización para a súa ocupación está acotada no plano presentado polo solicitante, situada á altura do número 50 da Avenida Castelao.

Segundo.- A ocupación solicitada pola Escola Infantil Canguriños S.C. dunha zona verde na Avenida Castelao implica un uso privativo do dominio público.

É uso privativo o que determina a ocupación dunha porción do dominio público, de modo que se limite ou exclúa a utilización do mesmo polos demais interesados (artigos 85 LPAP e 75 RBEL).

Terceiro.- É regra xeral no noso dereito a necesidade de título habilitante, outorgado pola autoridade competente, para a ocupación de bens de dominio público ou para a súa utilización en forma que exceda o dereito de uso que corresponde a todos (artigo 84 LPAP), como acontece no presente caso. O título habilitante necesario sería a autorización administrativa, dado que a ocupación efectúase con instalacións desmontables, sempre e cando a duración do aproveitamento non exceda de catro anos, caso no que procedería a concesión administrativa (artigo 86 LPAP).

Cuarto.- A ocupación solicitada é informada favorablemente polos servizos municipais de Educación e Montes, Parques e Xardíns, se ben a correspondente autorización estará suxeita o aboamento das taxas correspondentes por ocupación da vía pública.

A Ordenanza Fiscal Reguladora das Taxas polo aproveitamento especial ou utilización privativa do Dominio Publico Local (artigo 1.f) establece entre os feitos impositivos da taxa o aproveitamento especial ou a utilización privativa da vía pública e terreos de dominio público coa instalación de espectáculos, atraccións ou recreo situados en terreos de uso público local.

Realizada a oportuna liquidación para anualidade 2009 pola oficina de Tributos Especiais, o interesado procedeu a autoliquidación da mesma.

Quinto.- O órgano competente para o outorgamento da presente autorización é a Xunta de Goberno Local (artigo 127.1.e da LBRL).

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Autorizar a ocupación do dominio público mediante a instalación de barreiras móbiles para acotar unha superficie de 50 m² de zona verde da Praza Mestre Prudencio Rodríguez, á altura do número 50 da Avenida Castela, durante as horas de recreo da gardería Canguriños para a realización de xogos populares, e con sometemento as seguintes condicións xurídicas:

- 1. A autorización comprende exclusivamente o dereito a ocupar a zona verde de dominio público coa instalación de barreiras móbiles, non implicando en ningún caso cesión do dominio público nin de facultades dominicais sobre o mesmo.*
- 2. A presente autorización quedará condicionada o outorgamento das licencias e autorizacións necesarias para o funcionamento da actividade de gardería infantil.*
- 3. A zona verde poderá ser utilizada pola interesada, con exclusión expresa de calquera outro uso ou fin, como zona de xogos da escola infantil Canguriños para a realización de xogos populares, en días lectivos e en horario escolar, debendo retirar as barreiras móbiles unha vez finalizado o tempo de recreo deixando a zona expedita o resto do tempo para uso público dos cidadáns.*
- 4. A interesada debera comunicar ó Servizo Municipal de Montes, Parques e Xardíns previamente o inicio da actividade e con anterioridade o comezo de cada curso escolar, o horario previsto do uso da instalación pola devandita escola infantil.*
- 5. A interesada responderá dos danos e perdas que se ocasionen a terceiras persoas ou á propia administración municipal como consecuencia da utilización autorizada.*
- 6. O Excmo. Concello de Vigo reservase a facultade de inspeccionar o estado da superficie de zona verde obxecto de utilización. Se con motivo da inspección se observase calquera anomalía poñerase esta circunstancia en coñecemento do solicitante para que proceda a súa subsanación no prazo concedido ó efecto, procedéndose en caso contrario a revogación da autorización.*
- 7. A presente autorización estará suxeita o aboamento das taxas correspondentes por ocupación da vía pública, de acordo co disposto na Ordenanza Fiscal Reguladora das Taxas polo aproveitamento especial ou utilización privativa do Dominio Público Local.*
- 8. A entidade autorizada deberá depositar unha fianza por importe de 600 € (seiscentos euros) para responder dos danos que se poidan ocasionar ó dominio público ocupado, nas operacións de instalación- desinstalación das barreiras móbiles, ou no desenvolvemento da actividade, e do cumprimento pola autorizada das demais obrigas previstas na presente autorización.*
- 9. A autorización outorgarase por prazo dun ano, prorrogable tacitamente por períodos anuais se non media denuncia expresa por ningunha das dúas partes, cunha antelación mínima de dous meses ao remate do prazo en vigor, e ata un máximo de catro anos (incluídas as prórrogas).*
- 10. A presente autorización non será transmisíbel a terceiros, nin susceptible de ser gravada con carga ningunha.*
- 11. A autorización se extinguirá pola concorrencia dalgunha das seguintes causas:*

- a) *Transcurso do prazo máximo polo que foi outorgada a autorización ou denuncia de calquera das prórrogas.*
- b) *Renuncia da sociedade a autorización.*
- c) *Incumprimento dos fins ou actividades para os que foi autorizada.*
- d) *Incumprimento das condicións nas que foi outorgada a autorización.*
- e) *Disolución, fusión ou escisión da sociedade.*
- f) *Revogación unilateral por parte do Concello de Vigo, cando así o requiran motivos de interese público municipal, sin xerar dereito a indemnización, o que deberá comunicarse á sociedade cunha antelación mínima de tres meses.*

Extinguida por calquera das causas previstas a autorización, a entidade autorizada procederá á repoñer o dominio público municipal ó seu estado orixinal.

Segundo.- A presente autorización formalizarase en documento administrativo nun prazo de 15 días dende a data da notificación do presente acordo ó solicitante.

Terceiro.- Dar traslado da presente ós servizos municipais interesados.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(266) RECTIFICACIÓN DO ACORDO SOBRE ABOAMENTO DE COTAS DE COMUNIDADE DE PROPIETARIOS DA RÚA QUINTELA,25, ANOS 2004 Ó 2008. EXPTE. 17432/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da técnico de Admón. Especial, do 23.02.09, que di o seguinte:

Vista a certificación do acordo da Xunta de Goberno Local deste Concello, expte. 17432-240, de aboamento de cotas de Comunidade de propietarios da rúa Quintela 25, no que se propón aboar a Comunidade de propietarios da Rúa Quintela 25, en concepto de pago de cota de Comunidade correspondentes aos anos 2004, 2005, 2006 e 2007, así como a derrama correspondente as obras efectuadas no inmovible por importe de 20.363,14 euros..., correspondente ao informe proposta de data 11 de novembro de 2008, por erro a proposta correspondente sería a do informe-proposta de 24 de novembro de 2008, conformada polo Concelleiro delegado de Patrimonio e fiscalizada de conformidade pola xefa dos Servizos de Fiscalización, qué se achega co presente informe.

Polo exposto, consonte o artigo 105.2 da Lei 30/1992, do 26/11, proponse a Xunta de Goberno Local a opción do seguinte A C O R D O

Aboar a Comunidade de propietarios da rúa Quintela 25, en concepto de pago de cuotas de Comunidade correspondentes os anos 2004,2005,2006,2007 e 2008 (Incluído decembro dese ano), a cantidade de 4.780,56 euros, que lle corresponde aboar ó Concello como propietario dun baixo en dito inmovible.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(267) DEVOLUCIÓN GARANTÍAS:

Examinadas as actuacións dos expedientes, vistos os informes de Intervención Xeral e de acordo cos informes do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, a Xunta de Goberno acorda:

A) Devolver a OFIMÁTICA GAL-SUR a fianza por importe de 273,76 € constituída para responder da “subministración de fotocopiadoras” xa que foron recibidas mediante acta de abril 2005 conforme ás condicións do rpego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. Expte. 2546/241.

B) Devolver a MOVEXVIAL S.L. as seguintes fianzas:

- A fianza por importe de 7.194,39 € constituída para responder das “obras de humanización da rúa Cervantes”. Exptes. 804/443, 803/443, 43822/250.
- A fianza por importe de 3.118,59 € constituída para responder da montaxe da Fonte da Praza de Portugal xa que as obras foron recibidas conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. Expte. 803/443.
- A fianza por importe de 6.499,93 € constituída para responder das “obras de humanización do entorno de Príncipe” foron recibidas conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. Expte. 43822/250.

15(268) INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE GROUPAMA POLA CONTRATACIÓN DA PÓLIZA DE SEGURO DA FLOTA MUNICIPAL. EXPTE. 6401/445.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do Interventor Xeral, do 18.02.09, e de acordo co informe-proposta do xefe do parque Móbil, do 4.02.09, conformado pola concelleira delegada de Servizos Sociais, a Xunta de Goberno local acorda:

Convalidar as actuacións de Groupama polo importe de 269.513,28 euros segundo factura nº 31052090109, en concepto de contratación da póliza de vehículos a motor do Concello de Vigo, e recoñecer as obrigas por estas prestacións, toda vez que existe partida orzamentaria para este fin (1212.224.00.00 – 310.000 euros), certificando esta Xefatura que ese recoñecemento non perturbará o funcionamento do Servizo.

16(269) GRATIFICACIÓNS POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS POR EXCESO DE XORNADA ANUAL DO PERSOAL DE CEMITERIOS, XANEIRO-2009 EXPTE. 18804/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 2.03.09, e de acordo co informe-proposta da técnico de Recursos Humanos, do 11.02.09, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer as obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais e extraordinarios en compensación ás horas en exceso realizadas durante o presente ano do persoal administrativo do Servizo de Cemiterios, aboaranse ós traballadores que figuran nas relacións que se achegan no expediente e que comezan por Don José Luis Hermida Rodríguez e remata por Don G. Manuel Rosende Rios, as cantidades que figuran para cada un deles correspondente ao mes de XANEIRO-2009, e que ascenden a un total de 647'52 € (SEISCENTOS COARENTA E SETE EUROS CON CINCOENTA E DOUS CÉNTIMOS), con cargo á partida presupostaria 121.10.151.00.00-Gratificacións.

17(270) GRATIFICACIÓNS POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS POR EXCESO DE XORNADA ANUAL DO PERSOAL DO SERVIZO DE CEMITERIOS, DECEMBRO-2008. EXPTE. 18805/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 2.03.09, e de acordo co informe-proposta da técnico de Recursos Humanos, do 11.02.09, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais e extraordinarios en compensación ás horas en exceso realizadas durante o presente ano do persoal administrativo do Servizo de Cemiterios, aboaranse ós traballadores que figuran nas relacións que se achegan no expediente e que comezan por Don José Luis Hermida Rodríguez e remata por Don G. Manuel Rosende Rios, as cantidades que figuran para cada un deles correspondente ao mes de DECEMBRO-2008, e que ascenden a un total de 634'84 € (SEISCENTOS TRINTA E CATRO EUROS CON OITENTA E CATRO CÉNTIMOS), con cargo á partida presupostaria 121.10.151.00.00-Gratificacións.

18(271) COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE DO PERSOAL DO SERVIZO DE CEMITERIOS CORRESPONDENTE AO MES DE XANEIRO-2009. EXPTE 18808/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 2.03.09, e de acordo co informe-proposta da técnico de Recursos Humanos, do 11.02.09, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de produtividade de servizos prestados polo persoal do servizo Cemiterios, aboarase os traballadores que figuran nas relacións que se achegan no expediente e que comeza por don Jesús Alfonso Sanmartín e remata por don Delmiro Vilanova Acuña, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes ao mes de xaneiro9, e que ascenden a un total de 989'14 € , con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE.

19(272) COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE POR TOXICIDADE DO PERSOAL DO PARQUE MÓBIL CORRESPONDENTE AO MES DE XANEIRO-2009. EXPTE. 18809/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 2.03.09, e de acordo co informe-proposta da técnico de Recursos Humanos, do 11.02.09, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Aboar, en concepto de complemento de produtividade por toxicidade polos servizos prestados nos vertedeiros incontrolados da Cidade, a don Antonio Amoedo García, a cantidade que figura na relación adxunta no expediente e que ascende a un total de 54'30 € (CINCOENTA E CATRO EUROS CON TRINTA CÉNTIMOS), correspondente ao mes de Xaneiro de 2009 con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE.

20(273) GRATIFICACIÓNS POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS POR TRABALLOS REALIZADOS OS DÍAS 24, 25 E 31 DE DECEMBRO-2008 E XANEIRO-2009. EXPTE. 18819-220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 2.03.09, e de acordo co informe-proposta da técnico de Recursos Humanos, do 17.02.09, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer e aboar ó persoal que figura nas relacións que de seguido se indican as cantidades que figuran para cada un deles e que ascende a un total de 28.144'33 €, por prestar servizos entre as 22'00 horas do día 24 e ás 15'00 horas do día 25 de decembro, e no mesmo horario os días 31 de decembro de 2008 e 1 de xaneiro de 2009.

SERVIZO	RELACIÓNS	IMPORTE
CEMITERIOS	De Emilio Conde Borrajo a Juan José Pereira Fona	2.037'60
BOMBEIROS	De Manuel Aguirre Rodríguez a José Antonio Villar Comesaña	6.240'15
MONTES, PARQUES E XARDÍNS	De José Luis Vidal Álvarez a Eduardo A. Pérez Da Silva	764'10

POLICIA LOCAL	De José Manuel Amoedo Blanco a Fernando Villa Agulla	18.083'70
PARQUE CENTRAL	De Emilio Aira Pereiro a Alfonso Rodríguez Leirós	1.018'78

21(274) DOMINGOS, FESTIVOS E NOCTURNIDADE CORRESPONDENTE AO MES DE XANEIRO-2009. EXPTE. 18823/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 2.03.09, e de acordo co informe-proposta da técnico de Recursos Humanos, do 16.02.09, conformado pola xefa do Servizo de Persoal e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Aboar en concepto de gratificación por servizos extraordinarios de domingos, festivos e a xornada nocturna ó persoal que figura nas relacións achegadas no expediente segundo a seguinte distribución:

SERVICIO	RELACION	MES	IMPORTE FESTIVAS	IMPORTE NOCTURNAS	IMPORTE TOTAL
Policia Local	De Aguado Taboada, Manuel F. A Vivero Mijares, Juan Guillermo	decembro 08	23.082,92	422,08	2.731,00
Policia Local	De Alonso Caride, Constante a Vivero Mijares, Juan Guillermo	decembro 08	3.992,88		3.992,88
Policia Local	De Aballe González, Manuel a Vivero Mijares, Juan Guillermo	Xaneiro 09	35.588,92	23.230,80	58.819,72
Policia Local	De Alvarez Domínguez, M ^a José a Vila Campos, Francisco J.	Xaneiro 09	4.057,16	637,88	4.695,04
Policia Local	De Alonso Caride, Constante a Villar Silva, Aida	Xaneiro 09	3.625,04	26,50	486,31
Alcaldía	De Costas Fernandez, Basilio	Xaneiro 09	459,81		
Bombeiros	De Abreu Torres, Francisco J. A Villaverde Veleiro, José B.	Xaneiro 09	30.191,29	17.793,00	47.984,29
Biblioteca Central	De Romero Falque, Xosé Luis a Ormíguez Pérez, Susana	Xuño a Decembro 08	597,36		597,36
Electromecánicos	Arias Rodriguez Damaso	Xaneiro 08	48,12	284,55	332,67
Museo de Castrelos	De Ogando López, José M a González Bello, Andrés	Decembro 08	199,45		199,45
Museo de Castrelos	De Ogando López, José M a González Bello, Andrés	Xaneiro 09	348,88		348,88
Cemiterios	De Alfonso Sanmartín, Jesús a Vilanova Acuña, Delmiro	Xaneiro 09	2.586,45		2.586,45

Cemiterios	De Hermida Sanmartin Juan Jose a Lojo Pancorbo Jose Manuel	decembro 08	247,59	477,00	724,59
1ª Tenencia Alcaldía	De Pérez Costas, José L a Vázquez Martínez, Manuel	Decembro 08	192,57	98,05	290,62
1ª Tenencia Alcaldía	De Pérez Costas, José L a Vázquez Martínez, Manuel	Xaneiro 09	176,85	58,30	235,15
IMD	De Rial Estévez, Francisco	Xaneiro 09	29,72	4,06	33,13
Parque Móbil	De Alonso Iglesias, Manuel a Vulcano Ferreira, J. Genaro	Xaneiro 09	920,30	1.080,61	2.000,91
Montes, Parquess e xardíns	De Casas Iglesias Alfonso a Vidal Alvarez Jose Luis	Xaneiro 09	1.764,40	731,70	2.4963,10
Parque Central	De Aira Pereiro, Emilio a Rodríguez Souto, Jose Antonio	Xaneiro 09	1.142,85	731,70	1.874,55
Limpeza	De Hermida Sanmartín, Juan José a Lojo Pancorbo	Xaneiro 09	457,14	842,81	1.299,95
Desinfección	Pardellas Avión, A. Avelino a Sousa Atrimo, José M	Xaneiro 09	336,84	327,91	664,75
		TOTAL	8.9081,29	46.269,95	135.351,24

os importes que en cada caso se indican e que ascenden a un total de 135.351,24 €, con cargo a partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS.

22(275) AXUDAS DE ESTUDIOS DO CURSO 2008-2009, CON CARGO Ó FONDO SOCIAL. EXPTE. 18828/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta da técnica de Xestión, do 24.02.09, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Autoriza-lo aboamento das seguintes axudas de estudos correspondentes ó curso 2008-2009, por importe total de 102.410 € (CENTO DOUS MIL CATROCENTOS DEZ EUROS), ós seguintes traballadores:

GRUPO A1				
NOME	DNI	Nº PERS.	CLAVE	EUROS
ALONSO FERNANDEZ ANTONIO	36006599	22183	3+3	190 €
BARBARA RODRIGUEZ BEATRIZ	36098427	79572	1+2	100 €
BERNARDEZ DE DIOS ANTONIO	36052482	76510	2+2	110 €
CAMBEIRO FUENTES ESTHER	36037461	22533	2+3	150 €
CARBALLEDA ALONSO FRANCISCO J	36117710	78821	1	45 €
DOMINGUEZ GONZALEZ PILAR	36061811	77819	2+2	110 €
EGEA TORRON PILAR	50806376	18543	2+2	110 €
ESCARIZ COUSO ALBERTO	36097019	79865	1+1	90 €

ESPIÑO COLLAZO M DOLORES	35257778	18550	2+3	150 €
FERNANDEZ-LINARES BOUZA RAMON	34590828	78523	2+3+3+3	340 €
GARCIA ALVAREZ LUIS	36017888	20333	2	55 €
GOMEZ OURO BEATRIZ	36086665	22622	2+2	110 €
HERNANDEZ VIDAL Mª DOLORES	35320992	80658	1	45 €
LOPEZ PIÑEIRO PILAR	33829412	22332	2	55 €
LORENZO SANTOS SONIA	36041995	80274	2+2	110 €
MAGDALENA VILA M JESUS	36025359	13161	2+2	110 €
OJEA PEREZ IGNACIO	36046809	77317	2+2	110 €
OLIVEIRA LOPEZ JOSE IGNACIO	36015127	18135	2+2	110 €
OLMOS PITA PABLO	33348774	80548	3	95 €
PAZOS AREA Mª DEL CARMEN	53110174	80549	3	95 €
PINTADO GARCIA CARMEN	36024191	15148	2	55 €
RIOBO IBAÑEZ MARTA	36081499	76267	1+2+2	155 €
RODRIGUEZ CARBALLO AGUSTIN	35981050	77170	2	55 €
RODRIGUEZ FERREIRA ALBINO	36025379	77274	2+2	110 €
RODRÍGUEZ GARCÍA JOSÉ	33205043	9981	3	95 €
SIERRA ABRAIN MARIA	36064483	76438	1+2	100 €
SOBRINO DEL RIO MARIA LUISA	36065227	24070	2+2	110 €
TOSCANO NOVELLA M CRISTINA	36041699	80473	2+2	110 €
VARELA BARREGUERO LUCIO C	36023156	17495	2+2+3	205 €
VEGA ANDION OSCAR M.	33329266	78742	3	95 €
VIVERO MIJARES ANTONIO	36088250	21054	2+3	150 €
SUMA TOTAL				3.530 €

VIDAL FRAILE M ANGELES – denegado por falta de documentación

GRUPO A2				
NOME	DNI	Nº PER-SOAL	CLAVE	EUROS
ADÁN FERNÁNDEZ AURELIO	34606158	22438	3+2	185 €
ALVAREZ SOAJE BELEN	36081788	76506	2+2	150 €
ARIAS FERNANDEZ JUAN CARLOS	35981927	10843	3+2	110 €
BERROS PEREZ ALFONSO	32873182	78966	1+1	110 €
FERNANDEZ BESADA Mª DOLORES	36020726	16656	2+3	185 €
FERNANDEZ FERNANDEZ PAZ	3821230	16662	2+2	150 €
FERNANDEZ GALLEGO J. LUIS (1)	34909660	23024	2	75 €
GALLEGO PARAMOS JOS LUIS	36009948	50110	2+2	150 €
LÓPEZ CUESTA ISABEL	51440695	22674	3	110 €
MURADAS BLANCO JAVIER	36063563	23337	2	75 €
PEREZ BARREIRO BELEN	36046390	19270	2+2	150 €
VAZQUEZ DOMINGUEZ CARMEN	76617377	80436	2+2	150 €
VAZQUEZ IGLESIAS PEDRO Mª	11094805	21628	1+2	130 €
VAZQUEZ-NOGUEIROL PARAMOS ROSA	36016448	21210	2+3	185 €
VIEITES ALEN Mª DOLORES	36101442	77222	1+1	110 €
			TOTAL	2.025 €

COSTAS RIVEIRO EUGENIO – denegado por estar na renda

GARCIA GONZALEZ M TERESA- denegado por falta de documentación

GOMEZ GARCIA CRISTINA- denegado por falta de documentación

(1) denegado 1 fillo por estar na declaración da renda

GRUPO C1				
NOME	DNI	Nº PER-SOAL	CLAVE	EUROS
ALEMPARTE GONZALVO ANTONIO (1)	36026206	18655	2	100 €
ALVAREZ DOMINGUEZ JOSE M ^a	36027958	15906	3	140 €
ALVES ALFAYA JOSE	35923684	4564	2	100 €
ALVAREZ FERREIRA FRANCISCO J	36076666	76473	2+3+3	380 €
ARENAS VILLARROEL SANTIAGO	36041201	18388	3	140 €
BARROS LORENZO M INMACULADA	36037189	12782	2	100 €
BLANCO FUENTES EVA M ^a	76815654	78251	1	75 €
BOUZAS NOVAS JOSE	36026948	14284	2+3	240 €
CANCELO MARIÑAS JOSE A.	36001597	16627	2	100 €
CASAS MURAS ELVIRA	35445741	77176	2	100 €
